



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA PARA A INTEGRACIÓN DE FONDOS NO REPOSITORIO DE GALICIANA-BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA

En Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017

REÚNENSE

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don Ramón Villares Paz, presidente do Consello da Cultura Galega, nomeado polo Decreto 78/2014, do 26 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* número 125, do 3 de xullo), e no exercicio das competencias que lle atribúe a Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega e o Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega (DOG número 150, do 5 de agosto).

EXPOÑEN

- 
1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante Consellería), a través da Secretaría Xeral de Cultura, é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde velar pola conservación e preservación das obras que constitúen o patrimonio bibliográfico de Galicia, prestar servizos de apoio, promoción e coordinación das tarefas de control bibliográfico, restauración e dixitalización, así como a de constituír e manter unha biblioteca virtual que asegure a presenza da produción bibliográfica galega, e da relacionada co ámbito lingüístico e temático galego na Internet.
 2. Que a Consellería, a través da Secretaría Xeral de Cultura, é a responsable da crear e manter Galiciana-biblioteca dixital de Galicia (en diante Galiciana-BDG), o repositorio do patrimonio bibliográfico galego na Internet. Ademais é responsable de manter relacións de colaboración con outros centros ou organismos que compartan obxectivos de conservación e difusión do patrimonio bibliográfico galego.
 3. Que o Consello da Cultura Galega recuperou importantes fondos documentais e sonoros da cultura galega. Dentro destas tarefas de recuperación, dixitalizou diversas publicacións periódicas, principalmente editadas polas colectividades galegas no exterior. Tamén realizou a dixitalización de fondos documentais de carácter persoal, principalmente epistolarios de





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

personalidades destacadas de Galicia. Do mesmo xeito, dixitalizou moitos materiais pertencentes ao acervo cultural da emigración galega en América, que se localizan no Arquivo da Emigración Galega. E igualmente conserva no Arquivo Sonoro de Galicia diferente documentación sonora.

4. A maioría destas publicacións periódicas e materiais dixitalizados son accesibles a través da súa web institucional.
5. Que a tecnoloxía sobre a que se basea Galiciana-BDG cumpre con todas as normativas e directrices de interoperatividade internacionais, o que lle permite participar nos principais proxectos de dixitalización nacionais e europeos. O repositorio OAI-PMH de Galiciana-BDG (<http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/i18n/oai/oai.cmd>) pode ser recolectado por Hispana e Europeana. Ambos son os principais provedores de datos bibliográficos a nivel nacional e internacional que existen nestes momentos. A presenza dos obxectos dixitais de Galiciana-BDG nestas plataformas incrementa de xeito importante a súa accesibilidade e visibilidade na Web.
6. Da combinación entre os documentos dixitalizados polo Consello da Cultura Galega, e as novas tecnoloxías que posúe o repositorio promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria podería verse beneficiada a cidadanía se as coleccións completas desas publicacións, así como outros materiais dixitalizados, estivesen accesibles en Galiciana-BDG.

Polo anteriormente exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto


O presente convenio ten como obxecto a incorporación das coleccións dixitalizadas e doutros materiais que posúe o Consello da Cultura Galega ao repositorio de Galiciana-BDG. A finalidade é mellorar o acceso da cidadanía a eses recursos e que a súa presenza na rede sexa maior grazas a súa inclusión nos proxectos de Hispana e Europeana.

Segunda. Incorporación dos fondos

A comisión de seguimento do Convenio aprobará periodicamente a programación para a incorporación dos fondos dixitalizados do Consello da Cultura Galega en Galiciana.

Terceira. Obrigas do Consello da Cultura Galega

O Consello da Cultura Galega comprométese a entregar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria un disco duro cos materiais dixitalizados para a súa inclusión no repositorio Galiciana-BDG. Ese disco duro deberá incluír, de cada un dos obxectos dixitalizados, unha copia en dous formatos, un para a súa preservación e outro para a súa difusión na Internet. O formato máster para a preservación e o seu derivado para difusión estarán determinados en función das características técnicas da dixitalización do material seleccionado para a súa inclusión en Galiciana-BDG. En todo caso, os formatos aparecerán especificados na programación para a





incorporación dos fondos dixitalizados do Consello da Cultura Galega en Galiciana que se determine para cada período temporal na correspondente addenda a este convenio.

Cuarta. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

1. A partir dos formatos de preservación e difusión que o Consello da Cultura Galega entregue á Consellería, seguindo a programación para a incorporación dos seus fondos dixitalizados, os técnicos de Galiciana-BDG realizarán os tratamentos documentais e técnicos necesarios para que eses fondos sexan obxectos dixitais accesibles e interoperables.
2. A Consellería realizará os procesos de importación dos obxectos dixitais accesibles do Consello da Cultura Galega para que poidan visualizarse en recolectarse desde Galiciana-BDG. Tamén levará a cabo as comprobacións necesarias para verificar que o proceso se realizou sen incidencias.
3. Ao rematar todo o proceso de xeración e importación dos obxectos dixitais accesibles do Consello da Cultura Galega, a Consellería comunicará a Hispana, e a través desta, a Europea, que eses fondos xa están dispoñibles no repositorio de Galiciana-BDG e que poden proceder á súa recolección na data e forma que se manexe habitualmente.
4. No caso de que a transformación dos fondos dixitalizados do Consello da Cultura Galega en obxecto dixitais accesibles e interoperables requira algún proceso que non poida realizar o equipo técnico de Galiciana-BDG, o custo aboarase con cargo aos orzamentos da Consellería, mediante a tramitación do procedemento administrativo específico. Na programación para a incorporación dos fondos dixitalizados do Consello da Cultura Galega en Galiciana-BDG, que aprobará periodicamente a comisión de seguimento do convenio, especificarase que tipos de materiais requiren deses procesos e o seu custo asociado.

Quinta. Presenza en Galiciana-BDG

En Galiciana crearase un micrositio coa referencia "Fondo do Consello da Cultura Galega", na que se incorporaran os recursos dixitalizados do Consello da Cultura Galega. En calquera caso garantirase a indicación á procedencia dos fondos do Consello.

Na identificación do micrositio na paxina web de Galiciana e na propia páxina web de presentación do micrositio figurará o logotipo do Consello da Cultura Galega como colaborador.

Sexta. Custes

A sinatura deste convenio non implica compromiso de gasto para os asinantes xa que o cumprimento das obrigas establecidas non supón custo económico por ningunha das dúas partes.

Sétima. Propiedade intelectual e dereitos de autor

Os dereitos de explotación sobre a publicación obxecto deste convenio están extinguidos e pasados a dominio público, conforme ao disposto na Lei 21/2014, do 4 de novembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, e a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil. En consecuencia, é lícito xerar o recurso dixital interoperable mediante a asignación de metadatos e difundilo a través da Internet sen obter en ambos casos ningunha autorización.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Oitava. Vixencia do convenio

A vixencia do presente convenio comezará no momento da súa sinatura e estenderase até o 31 de decembro de 2018. Antes do remate deste prazo ambas partes poderán acordar a súa prorroga por un período de dous anos.

Novena. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas, divulgativas e publicacións que se realicen relacionadas coas actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e usarase, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de imaxe corporativa. Sexa cal sexa o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e da existencia deste convenio.

Décima. Medidas de preservación

A Consellería comprométese a que as coleccións dixitalizadas facilitadas polo Consello da Cultura Galega estarán integradas, en canto estea operativo, no repositorio de preservación para materiais dixitalizados que impulsa a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Décima primeira. Modificación e resolución

1. O presente convenio de colaboración poderá ser modificado de mutuo acordo entre as partes, sempre que o oportuno acordo de modificación sexa formalizado e se produza antes da expiración do seu prazo de duración.
2. Serán causas de resolución deste Convenio:
 - O mutuo acordo
 - O incumprimento das cláusulas do mesmo por algunha das partes.
 - A denuncia motivada dunha das partes, que deberá comunicarse por escrito á outra parte, polo menos cun mes de antelación a data prevista de extinción do convenio que figura na Cláusula Sexta.
 - Polas demais causas de extinción previstas na lexislación vixente.

Décima segunda. Comisión mixta de seguimento

Crearase unha Comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola Subdirectora Xeral de Bibliotecas, da Secretaría Xeral de Cultura, ou persoa en quen delegue e o Xerente do Consello da Cultura Galega, ou persoa en quen delegue, e un técnico por cada unha das institucións.

Esta comisión será tamén a que aprobará periodicamente a programación para a incorporación dos fondos dixitalizados do Consello da Cultura Galega en Galiciana-BDG.

Décimo terceira. Interpretación e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Décimo cuarta. Consentimento

As persoas que asinan o presente acordo manifestan o seu consentimento e autorización para que os seus datos persoais expostos neste acordo, e o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Décimo quinta. Transparencia

No compromiso de la transparencia e publicidade de actuación da Xunta de Galicia, e segundo o disposto no artigo 15 de la Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia y bo goberno, o presente convenio será obxecto da publicidade prevista en dita lei y será tamén obxecto de publicidade a teor de lo disposto en el Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regulamento o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En proba de conformidade co establecido no presente documento, os interesados asínano, por duplicado, na data e lugar do encabezamento.

O Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria



Román Rodríguez González

O presidente do Consello da Cultura Galega

Ramón Villares Paz